



Plan Anual de Lectura

O Proxecto Lector ha ser a referencia para a elaboración do **Plan Anual de Lectura (PAL)**, un documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do PLC nun curso escolar concreto, e que estará incluído na Programación Xeral Anual do centro. Entre outros aspectos pode recoller:

- **Obxectivos. Fundamentación** (*relacionada coas directrices do Proxecto Lector de Centro e o contexto do curso correspondente: necesidades máis urxentes que cómpre atallar, resultados da avaliación diagnóstica máis recente, programas nos que está inmerso o centro, etc.*).
- Organización de **espazos e tempos** para a lectura.
- Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da **biblioteca escolar no centro**.
- Seccións (bibliotecas de aula ou departamento).
- **Rutinas de lectura**. Actividades sistemáticas:
 - Actividades na hora da biblioteca ou na *Hora de ler*
 - Actividades de lectura compartida (*apadriñamentos lectores, lectura en parella...*)
- **Recursos humanos** que interveñen nas actividades de fomento da lectura.
- **Itinerarios lectores**.
- **Actividades programadas e temporizadas**:
 - **Proxectos documentais integrados**, programas de formación de usuarios, campañas de lectura.
 - **Actividades puntuais**: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro Infantil, Día do Libro, Día da Paz, 8 de Marzo, Semana da prensa, Día das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente...)
 - **Recursos e materiais**
- **Ler en familia**. Actividades para a implicación das familias.
- Seguimento e **avaliación**

No desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, a través do Plan Anual de Lectura, vanse incorporando, ano tras ano, actividades, propostas e fórmulas de intervención que enriquecerán a seguinte revisión do proxecto (que é un documento a medio prazo).

En calquera caso, a biblioteca será o recurso de referencia para todas as actuacións que pretendan a mellora das competencias de lectura, escritura e habilidades para o uso e produción de información, o lugar privilexiado que ofrece oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e de convivencia, e que reforza todos e cada un dos programas e proxectos do centro.